

## UGT Servizos Públicos Asina o Preacordo do VII Convenio Colectivo de Ensino Concertado



**Logo dunha negociación complexa, cunha patronal partindo de importantes recortes e nun marco de pandemia, a UGT Servizos Públicos decide asinar o preacordo do VII Convenio Colectivo de Ensino Concertado.**

O preacordo consta de **12 puntos básicos** que moderniza, de forma estrutural, o articulado para definir o marco laboral do Ensino Concertado para os próximos tres anos. Son os seguintes aspectos:

- ✚ **Ámbito temporal e ultraactividade garantida.**
- ✚ **Máis dereitos sociais** e unha regulación dos **permisos retribuídos**.
- ✚ Nova **excedencia para vítimas de violencia de xénero** e proposta de **reserva pactada na excedencia voluntaria**.
- ✚ **Novos prazos nos cesamentos voluntarios** para acceder a centros públicos.
- ✚ **Rebaixa de xornada laboral do PAS.**
- ✚ Nova **regulación do contrato eventual** para causas excepcionais.
- ✚ Aclaración dos conceptos de **vacacións e períodos sen actividade**.
- ✚ Creación de novos ámbitos de negociación para **sexenios** e **novos complementos salariais** no ámbito autonómico.
- ✚ Modificación dos **puntos 7 e 17 do acordo de rexistro de xornada** de data 6 de xuño de 2019.
- ✚ Creación dunha **Comisión de Traballo** para unha nova regulación da xornada de traballo ou clasificación profesional entre outros asuntos.
- ✚ Creación do espazo de negociación autonómica para regular a redución da xornada laboral dunha hora lectiva para o persoal docente **maior de 58 anos**.
- ✚ **Actualización salarial** e límite de 3 meses cada ano para asinar as novas táboas salariais.



# Informa-t

Ademais, o novo Convenio Colectivo recollerá o **Acordo de saídas escolares** que UGT Servizos Públicos xa asinou e que, como consecuencia da pandemia sanitaria, non se puido utilizar.

O preacordo demostra que, como defendeu insistentemente UGT desde antes mesmo de empezar a negociación, **había marxe suficiente como para evolucionar as condicións de traballo** no ensino concertado.

UGT Servizos Públicos segue pensando que **se podía ir moito máis lonxe nesta negociación**. Por exemplo en cuestións tan importantes como incorporar as figuras de **logopeda, orientador e outras** nunha clasificación máis correcta. Igualmente podíase rebaixar xornada a partir da franxa dos 55 anos e tamén para a acción tutorial, entre outros aspectos.

En definitiva UGT Servizos Públicos valora con **prudente optimismo** este preacordo, ao recollese numerosos aspectos identitarios da UGT e que pasan a formar parte do seu articulado. Tamén consideramos esencial **participar nas Comisións de Traballo** nas que só estarán os asinantes do futuro convenio.

Finalmente, UGT Servizos Públicos poñerá os medios necesarios para levar a termo a negociación concluíndo da maneira máis áxil posible o **VII Convenio Colectivo do Ensino Concertado**. Así mesmo, o preacordo deixarase aberto para a posible incorporación doutras organizacións ata o día 11 de maio.

**Sindicato Nacional de Ensino Privado**

**XUNTOS PODEMOS MÁIS**